

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 815** *Corrección de erros da Orde EHA/3362/2010, do 23 de decembro, pola que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás empresas concesionarias de infraestruturas públicas.*

Advertidos erros no texto da Orde EHA/3362/2010, do 23 de decembro, pola que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás empresas concesionarias de infraestruturas públicas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 317, de data 30 de decembro de 2010, transcribíense a seguir as oportunas rectificacións.

Na páxina 13, penúltimo parágrafo, liña primeira e segunda, onde di: «texto refundido da Lei de sociedades anónimas», deberá substituírse por: «texto refundido da Lei de sociedades de capital».

Na páxina 13, penúltimo parágrafo, liña segunda, onde di: «normas intencionais de contabilidade», deberá substituírse por: «normas internacionais de contabilidade».

Na páxina 15, na norma segunda, punto 1.2, letra b.1), parágrafo segundo, liña sexta, onde di: «unha taxa de retorno do proxecto determinadas», deberá substituírse por: «unha taxa de retorno do proxecto determinada».

Na páxina 19, na norma terceira, número 1, letra b), liña terceira, onde di: «as citados prezos/tarifas», deberá substituírse por: «os citados prezos/tarifas».